

XV 

# CERTAME DE FOTOGRAFÍA AMBIENTAL

- Imaxes realizadas en Arteixo
- Dúas obras por concursante
- Presentación de fotografías ata o 22 de maio de 2017
- Premios:
  - 1º Premio: 500 €
  - 2º Premio: 400 €
  - 3º Premio: 300 €
  - Fotógrafo local: 300 €
  - Fotógrafo local xoven: 300 €
- Exposición das obras no CCC Arteixo do 5 ao 16 de xuño de 2017
- Entrega de premios 9 de xuño de 2017

[www.arteixeiro.org](http://www.arteixeiro.org)



CONCELLO DE  
**ARTEIXO**



**medioambiente**  
Concello de Arteixo

TEMÁTICA XV EDICIÓN

Os recursos turísticos  
medioambientais do  
Concello de Arteixo

# BASES XV CERTAME DE FOTOGRAFÍA AMBIENTAL



- 1 O obxecto do certame será a realización de fotografías que promovan e recollan **recursos turísticos medioambientais** do Concello de Arteixo.
- 2 Poderán participar no certame todas aquelas persoas que o desexen, podendo presentar **dúas (2) fotografías por concursante**, como máximo.
- 3 As fotografías presentaranse obrigatoriamente en papel fotográfico, cun tamaño **mínimo de 20x25 cm e máximo de 30x40 cm**. e irán centradas e montadas sobre unha cartolina de 40x50 cm branca ou negra.
- 4 Queda a libre elección dos participantes o tipo de técnica a empregar (analóxica ou dixital) e a modalidade branco e negro ou cor. Así mesmo, deberase achegar unha copia nun CD, en formato JPEG, PNG ou TIFF, da fotografía cunha resolución mínima de 200 ppp e tamaño mínimo 800x600 px.
- 5 Si algunha das fotografías presentadas recollera primeiros planos, deberase, con carácter xustificativo, presentar unha fotografía dixital anexa (JPEG, PNG ou TIFF), cunha vista o suficientemente ampla onde se recolla o primeiro plano **e no que se constate que foi tomada no Concello de Arteixo**.
- 6 Quedarán automaticamente fóra de concurso aquelas obras que fosen premiadas con anterioridade noutro concurso ou certame, ou non cumpran o estimado polas presentes bases. Asemade, non se aceptarán aquelas fotografías que leven sinatura ou algunha outra marca identificativa. Os traballos que se declaren fóra de concurso, poderán ser recollidos despois da súa utilización na elaboración do catálogo que recollerá as obras presentadas.
- 7 É imprescindible cumprimentar e asinar a folla de inscrición onde se indicarán os datos do concursante e da fotografía así como a declaración xurada de non estar incurso nas prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da *Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia*, referida a data de presentación ao certame. A folla de inscrición poderase obter na sección de Medio Ambiente da web do Concello de Arteixo ou no departamento de Medio Ambiente.
- 8 Os traballos achegaranse debidamente protexidos e dentro dun sobre pechado ao enderezo que figura ao final deste apartado, e deberán ser remitidos coa antelación suficiente para que teñan entrada no concello o **Luns 22 de maio de 2017** data límite. Dentro do sobre incluírase outro coa seguinte documentación:
  - Fotocopia do DNI
  - Folla de inscrición
  - CD coa copia dixital da fotografíaO enderezo de recepción é o seguinte:

“XV Certame de Fotografía Ambiental”  
Departamento de Medio Ambiente.  
Travesía de Arteixo, 243 – 1º 15142 Arteixo”
- 9 As obras serán expostas na “Sala de Exposicións” do Centro Cívico de Arteixo dende o **5 ao 16 de xuño de 2017**. No caso de que o número de obras presentadas sexa moi elevado, farase unha selección previa das fotografías a expoñer.
- 10 Outorgaranse os seguintes premios que estarán suxeitos á preceptiva retención fiscal:
  - 1º Premio Xeral: 500,00 €
  - 2º Premio Xeral: 400,00 €
  - 3º Premio Xeral: 300,00 €
  - Premio ao Mellor Fotógrafo Local: 300 € (persoas empadroadas sen límite de idade)
  - Premios ao Mellor Fotógrafo Local Xoven: 300 € (persoas empadroadas menores de 16 anos)No caso de coincidencia en varios premios, sumarase o importe dos mesmos.
- 11 Para a adxudicación dos premios o xurado **valorará positivamente aqueles traballos que mellor difundan os recursos turísticos medioambientais do concello** (litoral, vexetación, hidroloxía, relevo,...). O xurado poderá outorgar mencións honoríficas sen valor económico, atendendo á calidade das obras. Así mesmo, poderá deixar desertos por falta de calidade ou cantidade os premios que estime oportunos.
- 12 A entrega de premios terá lugar nun acto público que se celebrará na Sala de Exposicións do Centro Cívico o **venres 9 de xuño de 2017 ás 20:00 horas**.
- 13 No acto da recollida dos premios será obrigada a asistencia do autor ou persoa en quen delegue. En caso de non comparecencia do autor ou do delegado, considerárase que non acepta estas bases, e será conseguintemente desposuído do premio.
- 14 As fotografías presentadas quedarán en posesión do concello e poderá utilizalas e reproducilas por calquera medio, sempre citando ao seu autor.
- 15 O xurado estará constituído por persoal cualificado tanto en fotografía como en medio ambiente e turismo, recaendo a secretaría no técnico que designe o Departamento de Medio Ambiente.
- 16 A decisión do xurado será inapelábel, e en caso de empate, este será resolto pola presidencia. O xurado poderá decidir sobre aqueles aspectos que puidesen xurdir, que non estivesen previstos nestas bases.
- 17 O certame poderá declararse nulo en caso de que a participación sexa escasa. Neste caso comunicaráselles aos inscritos.
- 18 A presentación de traballos neste concurso supón a aceptación íntegra das presentes bases. O incumprimento dalgún dos apartados nas mesmas levarían implícita a exclusión do concurso da obra presentada. Se as bases fosen modificadas a criterio da organización, comunicaráselles oportunamente a todos os interesados.